# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

# MÚSICA

I.E.S. Terra de Soneira

0º.- Índice (p. 2)

1º.- Introdución e contextualización (p. 4)

2º.- Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliables da materia que forman parte dos perfís competenciais (p. 5)

2.1.- Música 2º ESO (p.7)

2.2.- Música 3º ESO (p.15)

2.3.- Música 4º ESO (p.24)

2.4.- Linguaxe e Práctica Musical (1º Bacharelato) (p. 32)

2.5.- Historia da música e da danza (2º Bacharelato) (p. 41)

3º.- Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso (p. 55)

3.1.- Música 2º ESO (p. 55)

3.2.- Música 3º ESO (p. 55)

3.3.- Música 4º ESO (p. 55)

3.4.- Linguaxe e Práctica Musical (1º Bacharelato) (p. 55)

3.5.- Historia da música e da danza (2º Bacharelato) (p. 56)

4º.- Concreción para cada estándar de aprendizaxe de: Temporalización, Grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación (p. 56)

4.1.- Música 2º ESO (p. 56)

4.2.- Música 3º ESO (p. 63)

4.3.- Música 4º ESO (p. 68)

4.4.- Linguaxe e Práctica Musical (1º Bacharelato) (p. 72)

4.5.- Historia da música e da danza (2º Bacharelato) (p. 75)

5º.- Concrecións metodolóxicas que require a materia (p. 82)

6º.- Materiais e recursos didácticos que se vaian a utilizar (p. 83)

7º.- Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado (p. 83)

7.1.- Música 2º ESO (p. 84)

7.2.- Música 3º ESO (pp. 84)

7.3.- Música 4º ESO (p. 84)

7.4.- Linguaxe e Práctica Musical (1º Bacharelato) (p. 84)

7.5.- Historia da música e da danza (2º Bacharelato) (p. 84)

8º.- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e práctica docente (p. 86)

9º.- Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes (p. 87)

10º.- Medidas de atención á diversidade (p. 88)

11º.- Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico (p. 88)

12º.- Programación da educación en valores (p. 89)

13º.- Accións de contribución ao plan lector (p. 90)

14º.- Accións de contribución ao plan TIC (p. 93)

16º.- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora (p. 93)

## 1º.- INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

**A presente programación didáctica, elabórase de conformidade co disposto na disposición adicional segunda da RESOLUCIÓN do 17 de xuño de 2021 da Secretaria Xeral de Educación e Formación profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación indantil, educación primaria, educación secundaria e bacharelato no curso académico 2021/2022.**

Vimianzo é un concello da provincia da Coruña dentro da bisbarra da Terra de Soneira e da Costa da Morte. Limita cos concellos de Muxía, Laxe, Camariñas, Zas, Dumbría e Mazaricos.

O alumando do noso centro ven na súa maioría da bisbarra da Terra de Soneira e do I.E.S. Ponte do Porto (Camariñas)

Os habitantes de concello suman aproximadamente uns 7520.

A contorna socioeconómica na que se desenvolve o alumnado que asiste ao centro é maioritariamente rural, sendo a agricultura e a gandería a principal fonte de recursos no sector primario. No tocante ao sector secundario, o en tramado industrial non é relevante aínda que destacan empresas dedicadas á carpintería e ao PVC.

Esta programación pretende ser un documento técnico-profesional e tenta ter en conta a propia realidade do centro e a tipificación do alumnado ao que vai dirixido, do mesmo xeito que o medio ambiente ou contorna cultural dominante

A materia impártese en grupos de alumnado reducido o que posibilitará unha maior atención personalizada. Devandito aspecto favorecerá tamén a dedicación ao alumnado con necesidades educativas especiais.

O departamento de música está formado por José Manuel Caamaño Lamela, e María Jesús Domínguez Daponte que imparten música en:

2º E.S.O. A 9 alumnas e 8 alumnos. TOTAL 17

2º E.S.O. B 8 alumnas e 9 alumnos. TOTAL 17

3º E.S.O. A 10 alumas e 12 alumnos TOTAL 22

3º E.S.O. B 10 alumnas e 11 alumnos. TOTAL 21

4º E.S.O. A 6 alumnas e 2 alumnos. TOTAL 8

4º E.S.O. B 3 alumnas e 3 alumnos. TOTAL 6

1º Bacharelato A 4 alumnas e 2 alumnos. TOTAL 6

1º Bacharelato B 7 alumnas e 7 alumnos. TOTAL 14

2º Bacharelato A 5 alumnas e 2 alumnos. TOTAL 7

2º Bacharelato B 10 alumnas e 10 alumnos. TOTAL 20

No presente curso 2021-2022, faremos dúas Adaptacións Curriculares Individuais.

## 2º.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN QUE RECOLLA A RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS

Introdución para Música (ESO)

A música, como ben cultural e como linguaxe e medio de comunicación non verbal, constitúe un elemento con gran valor na vida das persoas; ademais, favorece o seu desenvolvemento integral, intervén na súa formación emocional e intelectual, a través do coñecemento do feito musical como manifestación cultural e histórica, e contribúe ao afianzamento dunha postura aberta, reflexiva e crítica no alumnado.

Na actualidade, a música constitúe un dos principais referentes de identificación da mocidade. Co desenvolvemento tecnolóxico multiplicáronse as canles de acceso ás cada vez máis numerosas fontes de cultura musical, así como aos seus diversos xeitos de creación e interpretación, a través de vehículos que forman parte da súa vida cotiá, como internet, os dispositivos móbiles, os reprodutores de son e os videoxogos. Ademais, fomenta o desenvolvemento da percepción, a sensibilidade estética, a expresión creativa e a reflexión crítica.

A materia de Música contribúe ao desenvolvemento de valores como o esforzo, a constancia, a disciplina, a toma de decisións, a autonomía, o compromiso, a asunción de responsabilidades e o espírito emprendedor, innovador e crítico, que contribúen ao desenvolvemento integral da persoa. A práctica musical mellora a memoria, a concentración, a atención, a psicomotricidade, o control das emocións, a autoestima, as habilidades para enfrontarse a un público ou a capacidade para traballar en grupo. A música potencia o desenvolvemento de capacidades como a comunicación oral e escrita, o pensamento matemático ou o coñecemento tecnolóxico e científico, que axudan á adquisición das competencias, ademais de procurar un ensino integral e axudar na maduración do alumnado novo.

Transcendendo estes valores estéticos, propios da competencia de conciencia e expresións culturais, o alumnado aprenderá actitudes de cooperación e traballo en equipo ao formar parte de diversas agrupacións nas que cadaquén asumirá diferentes papeis para poder interpretar música en conxunto. Por outra parte, é interesante fomentar actitudes emprendedoras que acheguen o alumnado ás diferentes profesións no ámbito musical e non musical.

Esta materia fomenta as actividades colaborativas ao integrar os/as estudantes nun grupo, fomentando o intercambio de ideas, o respecto entre iguais, a integración, a creatividade, o coñecemento doutros contextos e o desenvolvemento da intelixencia emocional.

O estudo desta materia parte dos coñecementos previos adquiridos polo alumnado na educación primaria e do seu desenvolvemento evolutivo, afondando con elementos que, dado o seu nivel de abstracción, deben abordarse neste momento de desenvolvemento do alumnado.

Entre outros, é obxectivo desta materia dotar os alumnos e as alumnas dun vocabulario que permita a descrición de fenómenos musicais, unha comprensión da linguaxe musical como medio de expresión artística, unha sensibilidade cara á expresión musical e o entendemento da música como un fenómeno imbricado na historia e na sociedade. Tamén se lle outorga un papel importante á análise das obras musicais, entendendo que se pode levar a cabo en distintos niveis de profundidade.

Os elementos do currículo básico organizáronse en catro bloques, moi relacionados entre si, que comparten múltiples elementos: "Interpretación e creación" integra a expresión instrumental, vocal e corporal coa improvisación e a composición musical, o que permitirá ao alumnado participar da música dunha forma activa; "Escoita" pretende crear a primeira actitude fundamental cara a esta arte e dotar o alumnado das ferramentas básicas para gozar dela a través da audición e a comprensión do feito musical; "Contextos musicais e culturais" relaciona a música coa cultura e a historia, dá a coñecer o valor do patrimonio musical español e galego, e ensina a identificar o estilo e as características distintivas da música que delimitan cada período histórico básico; e finalmente, "Música e tecnoloxías" pretende abranguer o coñecemento e a práctica da interacción entre música e novas tecnoloxías. Estes aspectos teñen especial importancia debido á proximidade que as tecnoloxías teñen na vida cotiá do alumnado, polo que se pretende xerar unha vinculación entre a linguaxe tecnolóxica que utiliza habitualmente e a música dentro da aula.

Xa como remate, vese necesario resaltar a importancia do uso dunha metodoloxía adecuada a este enfoque curricular, que posibilite que o alumnado sexa protagonista da súa propia aprendizaxe, traballando de xeito colaborativo, onde a práctica e a vivencia do feito musical sexa real e relevante para o alumnado, para a comunidade educativa e para o contorno social.

## 2.1.) Música 2º ESO

| | Música. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Interpretación e creación | | | |
| ▪ n<br>▪ ñ<br>▪ m | ▪ B1.1. Parámetros do son. Elementos básicos da linguaxe musical<br>▪ B1.2. Características da voz e da palabra como medios de expresión musical. Habilidades técnicas e interpretativas, exploración e descuberta das posibilidades da voz como medio de expresión musical.<br>▪ B1.3. Instrumentos e corpo como medios de expresión musical: características xenéricas e formais.<br>▪ B1.4. Agrupacións vocais e instrumentais na música de diferentes xéneros, estilos e culturas.<br>▪ Interpretación individual e en grupo.<br>▪ B1.5. Práctica da relaxación, a articulación, a resonancia e a e<br>B1.6. Fomento da estética, desenvolvida a través da con interiorización da música. | ▪ B1.1. Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada cándoos través da lectura ou a audición a de interpretación pequenas obras fragmentos musicais. | ▪ MUB1.1.1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ MUB1.1.2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais. | ▪ CMCCT<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB1.1.3. Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias. | ▪ CMCCT<br>▪ CCEC |
| ▪ n | | | | ▪ CCEC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | ▪ B1.7. Grafías e outras formas de notación musical, convencionais e propias, empregadas como expresión musical. | ▪ B1.2. Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). | ▪ MUB1.2.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). | |
| ▪ n<br>▪ g | ▪ B1.8. Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación.<br>▪ B1.9. Experimentación e práctica das técnicas do movemento e da danza, expresión dos contidos musicais a través do corpo e do movemento, e a interpretación dun repertorio variado de danzas. | ▪ B1.3. Improvisar e interpretar estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns. | ▪ MUB1.3.1. Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns. | ▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB1.3.2. Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións, pezas instrumentais e coreografías. | ▪ CAA<br>▪ CCEC |

| Música. 2º de ESO | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d | ▪ B1.10. Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e aos/ás demais intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.<br>B1.11. Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo | ▪ B1.4. Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común. | ▪ MUB1.4.1. Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos. | ▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz. | ▪ CCEC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | ideas musicais que contribúan a da tarefa común. e a achega das perfeccionamento<br>B1.12. Aceptación e predi mellorar as capacidades interpretativas propias, e outras formas de expresión. | | | |
| | | | ▪ MUB1.4.3. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público. | ▪ CAA<br>▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ n | ▪ B1.13. Improvisación, elaboración de arranxos e composición como recursos para a creación musical en todas as súas vertentes; elaboración de arranxos de cancións e pezas instrumentais, con acompañamentos sinxelos e selección de distintos tipos de organización musical.<br>▪ B1.14. Composición individual ou en grupo de cancións e pezas instrumentais para distintas agrupacións, a partir da combinación de elementos e recursos presentados no contexto das actividades que se realizan na aula. | ▪ B1.5. Amosar interese polas actividades de composición e improvisación, e respecto polas creacións dos seus compañeiros e das súas compañeiras. | ▪ MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas. | ▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB1.5.2. Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras. | ▪ CSIEE |
| ▪ g<br>▪ n<br>▪ d<br>▪ ñ | ▪ B1.15. Práctica de pezas musicais aprendidas a través da memorización e da lectura de partituras.<br>▪ B1.16. Sonorización de representacións dramáticas, actividades de expresión corporal, e danza e imaxes fixas e en movemento na realización de producións audiovisuais. | ▪ B1.6. Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, achegando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común. | ▪ MUB1.6.1. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel. | ▪ CCEC |
| | | | | ▪ CCEC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | ▪ MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego. | |
| | | | ▪ MUB1.6.3. Amosa apertura e respecto cara ás | ▪ CSC |

| | Música. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | propostas do profesorado e dos compañeiros e as compañeiras. | |
| | | | ▪ MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo. | ▪ CSC |
| | | | ▪ MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa. | ▪ CSIEE |
| | Bloque 2. Escoita | | | |
| ▪ n<br>▪ ñ | ▪ B2.1. Utilización dos recursos necesarios para a | ▪ B2.1. Identificar e describir os instrumentos e a | ▪ MUB2.1.1. Diferencia as sonoridades dos | ▪ CCEC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | comprensión da música escoitada.<br>▪ B2.2. Identificación dos elementos da música e da súas características na audición e na análise de obras musicais.<br>▪ B2.3. Clasificación e discriminación auditiva do tipos de voces e instrumentos, e das agrupación vocais e instrumentais. | voces, e as súas agrupacións. | instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces. | |
| | | | ▪ MUB2.1.2. Diferencia as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore e doutras agrupacións musicais. | ▪ CCEC |
| ▪ n | ▪ B2.4. Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo, dinámica, etc. | ▪ B2.2. Seguir distintos tipos de partituras no context das actividades musicais da aula como apoio á tarefas de audición. | ▪ MUB2.2.1. Sigue partituras como apoio á audición. | ▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ a | ▪ B2.5. Interese por desenvolver hábitos positivos e de respecto ás demais persoas durante a escoita. | ▪ B2.3. Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións. | ▪ MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición. | ▪ CSC |
| ▪ h<br>▪ n | ▪ B2.6. Audición, análise elemental e crítica apreciación de obras vocais e instrumentais de distinto | ▪ B2.4. Identificar e describir, mediante o uso d distintas linguaxes (gráfica, corporal ou verbal) | ▪ MUB2.4.1. Describe os elementos das obras musicais propostas. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais incluíndo as interpretacións e composicións realizadas na aula. Investigación de músicas de distintas características para ampliar as propias preferencias musicais. | elementos e formas de organización e estruturació musical (ritmo, melodía, textura, timbre, repetición, n, variación) dunha obra musical interpretada o ou gravada. imitació | ▪ MUB2.4.2. Utiliza de xeito guiado recursos como apoio á análise musical. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB2.4.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e | ▪ CCL |

| Música. 2º de ESO | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | claridade. | |
| ▪ e<br>▪ f<br>▪ m | ▪ B2.7. Sensibilización e actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música e contaminación sonora. | ▪ B2.5. Identificar situacións do ámbito cotián nas que se produce un uso indiscriminado do son, analizar as súas causas e propor solucións. | ▪ MUB2.5.1. Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música. | ▪ CSC |
| | | | ▪ MUB2.5.2. Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica. | ▪ CSIEE<br>▪ CD |
| | Bloque 3. Contextos musicais e culturais | | | |
| ▪ m | | | ▪ MUB3.1.1. Recoñece, crea e interpreta distintas manifestacións da danza. | ▪ CCEC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ n | ▪ B3.1. A música ao servizo doutras linguaxes corporal, teatral,, radiofónica ou cinematográfica publicitaria.<br>B3.2. Análise da música en diferente tipos de esp producións audiovisuais.<br>▪ | ▪ B3.1. Realizar exercicios que reflictan a relación da música con outras disciplinas. | | |
| | | | ▪ MUB3.1.2. Distingue as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade. | ▪ CCEC |
| ▪ l ▪ n | ▪ B3.3. Pluralidade de estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais. | ▪ B3.2. Demostrar interese polas músicas de distintas características, épocas e culturas, e por ampliar e diversificar as propias preferencias musicais, adoptando unha actitude aberta e respectuosa. | ▪ MUB3.2.1. Amosa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva. | ▪ CCEC |
| ▪ l<br>▪ n<br>▪ ñ | ▪ B3.4. Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas. | ▪ B3.3. Apreciar a importancia do patrimonio cultural musical español e galego, e comprender o valor de conservalo e transmitilo. | ▪ MUB3.3.1. Valora e respecta a importancia do patrimonio musical español e galego | ▪ CCEC |
| | ▪ B3.5. Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores/as concertos e producións musicais en vivo e gravadas tanto do patrimonio galego como da música occidental en xeral e doutras culturas. | | ▪ MUB3.3.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB3.3.3. Coñece e describe os instrumentos tradicionais españois e galegos. | ▪ CCEC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | ▪ MUB3.3.4. Contribúe á conservación, a recuperación e a transmisión do patrimonio musical galego, colaborando na recollida, na gravación e na transcrición de pezas. | ▪ CCEC<br>▪ CSIEE |
| ▪ h | ▪ B3.6. Recollida de información, valoración e exposición do feito musical e as súas opinións. | ▪ B3.4. Valorar a asimilación e o emprego dalgúns conceptos musicais básicos necesarios á hora de | ▪ MUB3.4.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais | ▪ CCL |

| Música. 2º de ESO | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ e | | emitir xuízos de valor ou "falar de música". | ▪ MUB3.4.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade. | ▪ CCL |
| ▪ e<br>▪ n<br>▪ l | ▪ B3.7. Música actual: novas tendencias; concertos en directo. | ▪ B3.5. Amosar interese e actitude crítica pola música actual, os musicais, os concertos en vivo e as novas propostas musicais, valorando os seus elementos creativos e innovadores. | ▪ MUB3.5.1. Utiliza diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións. | ▪ CD |
| | | | ▪ MUB3.5.2. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias. | ▪ CAA |
| | Bloque 4. Música e tecnoloxías | | | |
| ▪ e<br>▪ n | ▪ B4.1. Utilización de dispositivos electrónicos, | ▪ B4.1. Utilizar recursos tecnolóxicos dispoñibles para gravar e reproducir música. | ▪ MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízaas como ferramentas | ▪ CD |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | recursos da internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical.<br>plicación de técnicas de gravación nalóxica al, para rexistrar as creacións propias, as etacións ealizadas no contexto da aula e nensaxes musicais.<br>▪ B4.2. e dixit interpr outras<br>Jtilización das tecnoloxías da nformación nos os de creación nusical.<br>▪ B4.3. proces<br>Coñecemento e emprego das ecnoloxías da ación na interpretación gravación de pezas is.<br>▪ B4.4. inform musica<br>▪ B4.5. Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas. | | para a actividade musical. | |
| | | | ▪ MUB4.1.2. Participa na produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías. | ▪ CD<br>▪ CSIEE |
| ▪ e<br>▪ n | ▪ B4.6. O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción con ela. | ▪ B4.2. Utilizar de xeito funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical. | ▪ MUB4.2.1. Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical. | ▪ CD |

## 2.2.) Música 3º ESO

| | Música. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Interpretación e creación | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ N | ▪ B1.1. Repaso dos elementos da representación gráfica da música. | ▪ B1.1. Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). | ▪ MUB1.1.1 . Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). | ▪ CCEC |
| ▪ n<br>▪ b | ▪ B1.2. Textura. | ▪ B1.2. Analizar e comprender o concepto de textura e recoñecer, a través da audición e a lectura de partituras, os tipos de textura. | ▪ MUB1.2.1. Recoñece, comprende e analiza tipos de textura. | ▪ CCEC<br>▪ CAA |
| ▪ n<br>▪ b | ▪ B1.3. Procedementos compositivos e formas de organización musical. | ▪ B1.3. Coñecer os principios básicos dos procedementos compositivos e as formas de organización musical. | ▪ MUB1.3.1. Comprende e identifica os conceptos e os termos básicos relacionados cos procedementos compositivos e os tipos formais. | ▪ CCEC |
| ▪ m<br>▪ c<br>▪ d | ▪ B1.4. Experimentación e práctica das técnicas do movemento e da danza, expresión dos contidos musicais a través do corpo e do movemento, e a interpretación dun repertorio variado de danzas. | ▪ B1.4. Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo, e achegando ideas musicais que contribúan | ▪ MUB1.4.1. Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos. | ▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | | ▪ CCEC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | ▪ B1.5. Práctica da relaxación, a respirac a articulación, a resonancia e a entoaci<br>▪<br>▪ B1.6. Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo e a achega das ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.<br>capacida ción e predisposición para ar as des técnicas e etativas propias, e e outras formas de xpresión.<br>zación de representacións actividades de expresión lanza e imaxes fixas e en audiovisuais. a realización de producións<br>B1.9. Fomento da sensibilidade estética | ao perfeccionamento da tarefa común. | ▪ MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz. | |
| | | | ▪ MUB1.4.3. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público. | ▪ CCEC<br>▪ CAA |

| Música. 3º de ESO | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | desenvolvida a través da comprensión e interiorización da música. | | | |
| ▪ a<br>▪ n | ▪ B1.10. Composición individual ou en grupo de cancións e pezas instrumentais para distintas agrupacións a partir da | ▪ B1.5. Amosar interese polas actividades de | ▪ MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas. | ▪ CAA<br>▪ CCEC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | combinación de elementos e recursos presentados no contexto das actividades que se realizan na aula | composición, e improvisación e amosar respecto polas creacións dos seus compañeiros e das súas compañeiras. | | |
| | | | ▪ MUB1.5.2. Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras. | ▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ ñ | ▪ B1.11. Práctica, creación, memorización e interpretación de pezas musicais en grupo, aprendidas a través da lectura de partituras con diversas formas de notación.<br>▪ B1.12. Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto. | ▪ B1.6. Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, achegando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común. | ▪ MUB1.6.1. Practica, crea, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos, épocas históricas e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel. | ▪ CCEC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB1.6.3. Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesor/a e dos compañeiros/as. | ▪ CSC |
| | | | ▪ MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións | ▪ CSIEE<br>▪ CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa. | |
| ▪ n<br>▪ b<br>▪ e | ▪ B1.13. Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación. | ▪ B1.7. Explorar as posibilidades de distintas fontes e obxectos sonoros. | ▪ MUB1.7.1. Amosa interese polas paisaxes sonoras que nos rodean e reflexiona sobre elas. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB1.7.2. Investiga de forma creativa acerca das posibilidades sonoras e musicais dos obxectos | ▪ CD<br>▪ CAA |

| | Música. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | sonoros. | |
| | Bloque 2. Escoita | | | |
| ▪ m<br>▪ n | ▪ B2.1. Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e instrumentos e das agrupacións vocais e instrumentais. | ▪ B2.1. Identificar e describir os instrumentos e voces e as súas agrupacións. | ▪ MUB2.1.3. Explora e descubre as posibilidades da voz e os instrumentos, e a súa evolución ao longo da historia da música. | ▪ CCEC<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ n | ▪ B2.2. Utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música escoitada.<br>▪ B2.3. Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais. | ▪ B2.2. Ler e analizar distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición. | ▪ MUB2.2.1. Le e analiza partituras como apoio á audición. | ▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ n | ▪ B2.4. Aplicación de estratexias de atención, audición | ▪ B2.3. Valorar o silencio como condición previa para | ▪ MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento | ▪ CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | interior, memoria comprensiva e anticipación durante a interpretación e a creación musical. | participar nas audicións. | indispensable para a interpretación e a audición. | |
| ▪ l<br>▪ n<br>▪ g | ▪ B2.5. Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, incluíndo as interpretacións e as composicións realizadas na aula. Interese por coñecer músicas de distintas características e por ampliar as propias preferencias musicais.<br>▪ B2.6. Música en vivo: concertos e outras manifestacións musicais, da propia cultura musical e de outras. Interese por desenvolver hábitos positivos e de respecto ás demais persoas durante a escoita. | ▪ B2.4. Recoñecer auditivamente e determinar a época ou a cultura á que pertencen distintas obras musicais, interesándose por ampliar as súas preferencias. | ▪ MUB2.4.1. Amosa interese por coñecer músicas doutras épocas e culturas, comparando e contrastando as novas músicas coñecidas. | ▪ CAA |
| | | | ▪ MUB2.4.2. Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas e épocas históricas. | ▪ CCEC<br>▪ CSC |
| ▪ h<br>▪ e | ▪ B2.7. Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo, dinámica, etc.<br>▪ B2.8. Valoración da audición como forma de comunicación e como fonte de coñecemento e enriquecemento intercultural. | ▪ B2.5. Identificar e describir, mediante o uso de distintas linguaxes (gráfica, corporal ou verbal), algúns elementos e formas de organización e estruturación musical (ritmo, melodía, textura, timbre, repetición, imitación e variación) dunha obra musical interpretada en vivo ou gravada. | ▪ MUB2.5.1. Describe de xeito pormenorizado os diferentes elementos das obras musicais propostas usando distintas linguaxes. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB2.5.2. Utiliza recursos con autonomía como apoio ao análise musical. | ▪ CAA |
| | | | ▪ MUB2.5.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade. | ▪ CCL |

| | Música. 3º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 3. Contextos musicais e culturais | | | |
| ▪ n<br>▪ f | ▪ B3.1. A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.<br>▪ B3.4. Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais. | ▪ B3.1. Realizar exercicios que reflictan a relación da música con outras disciplinas. | ▪ MUB3.1.1. Expresa contidos musicais e relaciónaos con épocas da historia da música e con outras disciplinas . | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ MUB3.1.2. Recoñece e interpreta manifestacións da danza identificando e explicando con linguaxe técnica adecuada a época histórica á que pertencen. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB3.1.3. Distingue e explica as diversas funcións que cumpre a música na sociedade ao longo da historia. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ l<br>▪ n<br>▪ ñ | ▪ B3.5. Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores e compositoras, concertos e producións musicais en vivo e gravadas, tanto do patrimonio galego como da música occidental en xeral e doutras culturas. ▪ B3.6. O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción con ela. | ▪ B3.2. Demostrar interese por coñecer músicas de distintas características, épocas e culturas, e por ampliar e diversificar as propias preferencias musicais, adoptando unha actitude aberta e respectuosa. | ▪ MUB3.2.1. Amosa interese por coñecer música de diferentes épocas e culturas como fonte de enriquecemento cultural e satisfacción persoal, elaborando algún proxecto de investigación e exposición | ▪ CCEC<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ ñ | ▪ B3.7. Recoñecemento e localización nas coordenadas espazo-temporais das manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical galego, occidental e doutras culturas. | ▪ B3.3. Relacionar as cuestións técnicas aprendidas coas características das épocas da historia musical. | ▪ MUB3.3.1. Relaciona as cuestións técnicas aprendidas vinculándoas ás épocas da historia da música correspondentes. | ▪ CCEC<br>▪ CAA |
| ▪ N | ▪ B3.8. Épocas da historia da música: características principais, autores/as significativos/as, audicións con apoio de partitura e interpretación de pezas ou fragmentos das distintas épocas. | ▪ B3.4. Distinguir, situar e caracterizar as grandes épocas da historia da música. | ▪ MUB3.4.1. Distingue e sitúa temporalmente ás épocas da historia da música e as tendencias musicais. | ▪ CCEC<br>▪ CSC |
| | | | ▪ MUB3.4.2. Examina e explica con criterio musical a relación entre os acontecementos históricos, o desenvolvemento tecnolóxico e a música na sociedade. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| ▪ h | ▪ B3.9. Recollida de información, valoración e | ▪ B3.5. Valorar a asimilación e empregar algúns | ▪ MUB3.5.1. Emprega un vocabulario adecuado para | ▪ CCL |
| | Música. 3º de ESO | | | |
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ n<br>▪ g | exposición do feito musical e as súas opinións. | conceptos musicais básicos necesarios á hora de emitir xuízos de valor ou falar de música. | describir percepcións e coñecementos musicais. | |
| | | | ▪ MUB3.5.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade. | ▪ CCL |
| ▪ g<br>▪ n<br>▪ e | ▪ B3.10. Recollida de información, valoración e exposición do feito musical ao longo da historia. | ▪ B3.6. Amosar interese e actitude crítica pola música, os concertos en vivo e as propostas musicais, valorando os seus elementos creativos e innovadores ao longo da historia. | ▪ MUB3.6.1. Utiliza diversas fontes de información para indagar sobre as novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións. | ▪ CD |
| | | | ▪ MUB3.6.2. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias. | ▪ CAA |
| | Bloque 4. Música e tecnoloxías | | | |
| ▪ e<br>▪ n | ▪ B4.1. Utilización de dispositivos electrónicos, recursos de internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical.<br>B4.2. Aplicación de diferentes técnicas de gravación para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.<br>▪ B4.3. Utilización da información nos proc musical.<br>▪ B4.4. Coñecemento tecnoloxías da informac<br>▪ e na gravación de pezas | ▪ B4.1. Utilizar con autonomía os recursos tecnolóxicos dispoñibles, demostrando un coñecemento básico das técnicas e dos procedementos necesarios para gravar, reproducir, crear, interpretar música e realizar sinxelas producións audiovisuais. | ▪ MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízaas como ferramentas para a actividade musical. | ▪ CD<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ MUB4.1.2. Participa en todos os aspectos da produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ e<br>▪ b | ▪ B4.5. Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas. | ▪ B4.2.Utilizar de maneira funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical. | ▪ MUB4.2.1. Utiliza con autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical. | ▪ CD<br>▪ CAA |

## 2.3.) Música 4º ESO

| | Música. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Interpretación e creación | | | |
| ▪ A<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B1.1. Práctica e aplicación de habilidades técnica en grao crecente de complexidade e concertació coas outras partes do conxunto na interpretació vocal e instrumental, e no movemento e a danza.<br>▪ B1.2. Interpretación de pezas vocais instrumentais aprendidas de oído e/ou mediante lectura de partituras con diversos tipos de notación. | ▪ B1.1. Ensaiar e interpretar, en pequeno grupo, unha peza vocal ou instrumental, ou unha coreografía, aprendidas de memoria a través da audición ou da observación de gravacións de audio e vídeo, ou mediante a lectura de partituras e outros recursos gráficos. | ▪ MUB1.1.1. Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación, colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades. | ▪ CAA<br>▪ CSC |
| MUB3.2.2. Recoñece e explica as características básicas da música española e da música popular urbana. | Sempre | Fala con propiedade da música | Tarefas de clase e exames |

| | | | |
|---|---|---|---|
| MUB3.3.1. Elabora traballos de investigación nos que establece sinerxías entre a música e outras manifestacións artísticas. | Unha ou dúas veces por avaliación | Fai traballos interdisciplinares | Tarefas de clase e traballos de avaliación |
| MUB4.4.1. Realiza traballos e exposicións ao resto do grupo sobre a evolución da música popular. | Unha vez por avaliación | Fai exposicións | Tarefas de clase e exposicións |
| MUB4.4.2. Utiliza os recursos das novas tecnoloxías para expor os contidos de maneira clara. | Unha vez por avaliación | Fai exposicións con TIC | Tarefas de clase e exposicións |
| MUB4.1.1. Selecciona e utiliza recursos tecnolóxicos para diferentes aplicacións musicais. | Varias veces por avaliación | Manexa TIC para aplicacións musicais | Tarefas de clase |
| MUB4.1.2.Comprende a transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos. | Sempre | Contextualiza os avances tecnolóxicos | Tarefas de clase |
| MUB4.2.1. Manexa as técnicas básicas necesarias para a elaboración dun produto audiovisual. | Varias veces no curso | Elabora un produto audiovisual | Tarefas de clase: traballo de avaliación |
| MUB4.3.1. Sabe procurar e seleccionar fragmentos musicais axeitados para sonorizar secuencias de imaxes. | Unha vez por avaliación | Musicaliza secuencias de imaxes | Tarefas de clase: traballo |

| | | | |
|---|---|---|---|
| MUB4.3.2. Sonoriza imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais. | Unha vez por avaliación | Musicaliza secuencias de imaxes | Tarefas de clase: traballo |
| MUB4.4.1. Utiliza con autonomía as fontes de información e os procedementos apropiados para | Unha vez por avaliación | Busca información para facer un traballo | Tarefas de clase e traballo de avaliación |
| indagar e elaborar traballos relacionados coa función da música nos medios de comunicación. | | | |
| MUB4.5.1. Amosa interese por coñecer as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías como ferramentas para a actividade musical. | Sempre | Contextualiza a música nos avances tecnolóxicos | Tarefas de clase |
| MUB4.5.2. Coñece e consulta fontes de información impresa ou dixital para resolver dúbidas e para avanzar na aprendizaxe autónoma. | Varias veces no curso | Manexa fontes de información para resolver dúbidas | Tarefas de clase e traballos |
| MUB4.5.3. Utiliza a información de xeito crítico, obtena de distintos medios e pode utilizala e transmitila utilizando distintos soportes. | Varias veces no curso | Manexa e contrasta fontes | Tarefas de clase e traballos |

4.4.- Linguaxe e Práctica Musical (1º Bacharelato)

| ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE | TEMPORALIZACIÓN | GRAO MÍNIMO | PROCEDEM./INSTRUM. AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|
| LPMB1.1.1.Coñece os órganos e as funcións do aparello fonador. | 1 vez por avaliación. | Coñece os órganos e as función do aparello fonador. | Tarefa de clase |

| | | | |
|---|---|---|---|
| LPMB1.1.2.Realiza correctamente exercicios de respiración, relaxación, articulación e fraseo. | 1 vez por avaliación. | Exercita a voz dun xeito básico. | Tarefa de clase. |
| LPMB1.1.3.Entoa afinadamente, aplicando as indicacións expresivas e dinámicas presentes na partitura. | 2 ou 3 veces por avaliación. | Canta entoando correctamente unha canción. | Tarefa de clase. |
| LPMB1.2.1Reproduce e identifica intervalos. | Sempre. | Reproduce e identifica intervalos. | Tarefa de clase e traballo de avaliación. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| LPMB1.3.1.Interpreta vocalmente estruturas rítmicas sentindo internamente o pulso. | Sempre. | Canta cun ritmo axeitado. | Tarefa de clase. |
| LPMB1.3.3.Práctica a lectura e a escritura musical. | Sempre. | Interpreta correctamente unha partitura | Tarefa de clase e traballo de avaliación. |
| LPMB2.1.1.Percibe o pulso como referencia básica para a execución rítmica, así como a identificación do acento periódico base do compás. | Sempre. | Interioriza os ritmos básicos. | Tarefa de clase. |
| LPMB2.1.1.Logra unha correcta interiorización do pulso que lle permite unha axeitada execución musical | Sempre. | Interioriza os ritmos básicos. | Tarefa de clase. |
| LPMB2.2.1.Percibe aspectos rítmicos, melódicos, tonais, modais, cadenciais, formais e tímbricos das obras escoitadas. | 2 veces por avaliación. | Relaciona e contextualiza as obras musicais dun xeito pormenorizado. | Tarefa de clase. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| LPMB2.2.3.Escoita e recoñece os elementos básicos das linguaxes propias da música culta, jazz, rock e flamenco. | 2º veces por avaliación. | Relaciona e contextualiza as obras musicais. | Tarefa de clase e traballo de avaliación. |
| LPMB3.1.1.Identifica e interpreta os termos e signos relacionados co ritmo e coa expresión musical. | Sempre. | Escribe e identifica elementos musicais en partituras | Tarefa de clase |
| LPMB3.1.2.Identifica e interpreta os signos gráficos propios da linguaxe musical contemporánea. | 1 vez por avaliación. | Escribe e identifica elementos musicais en partituras | Tarefa de clase |
| LPMB4.1.1.Improvisa fórmulas rítmicas acordándoas co pulso e o compás do fragmento escoitado. | 1 vez por avaliación. | Improvisa sobre células rítmicas básicas. | Tarefa de clase e traballo de avaliación. |
| LPMB 4.3.1Coñece o repertorio traballado e ten capacidade de memorización e capacidade expresiva. | Sempre. | Toca sen partitura diferentes cancións. | Tarefa de clase. |
| LPMB 4.4.2.Constrúe a través do movemento unha creación coreográfica adecuando a súa concepción ao carácter expresivo da obra. | 1 vez por avaliación. | Inventa un baile con unha coreografía básica. | Tarefa de clase e traballo de avaliación. |
| LPMB4.1.1.Improvisa fórmulas rítmicas acordándoas co pulso e o compás do fragmento escoitado. | 2 veces por avaliación. | Improvisa sobre células rítmicas básicas. | Tarefa de clase. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| LPMB 5.1.1.Utiliza correctamente editores de partituras, secuenciadores e software para aplicacións audiovisuais. | 1 vez por avaliación. | Manexa a tecnoloxía e os programas informáticos na música. | Tarefa de clase. |
| LPMB5.2.2Utiliza os recursos tecnolóxicos como ferramentas para a audición, a interpretación, a creación, a edición, a gravación, a investigación e aprendizaxe do feito musical. | 1 vez por avaliación. | Manexa a tecnoloxía e os programas informáticos para a música e para o audiovisual. | Tarefa de clase |

4.5.- Historia da música e da danza (2º Bacharelato)

| ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE | TEMPORALIZACIÓN | GRAO MÍNIMO | PROCEDEM./INSTRUM. AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|
|  HMDB1.1.1. Realiza desde unha perspectiva persoal unha valoración estética e crítica dunha obra concreta ou dunha interpretación dela. | Sempre. | Relaciona e contextualiza as obras musicais dun xeito pormenorizado. | Tarefa de clase |
|  HDMB1.1.2. Domina o vocabulario e a terminoloxía científica aplicados á música e á danza. | Sempre. | Manexa fontes e información para explicar termos musicais. | Tarefa de clase s |
|  HDMB1.1.3. Consulta e contrasta as fontes de información adecuadas para a elaboración dos comentarios. | 2 veces por avaliación | Relaciona e contextualiza as audicións obrigatorias musicais dun xeito pormenorizado. | Traballos de investigación |
|  HDMB1.2.1.Identifica e sitúa cronolóxicamente os diferentes períodos da historia da música e da danza. | Sempre. | Coñece as datas dos diferentes períodos históricos. | Tarefa de clase |

| | | | |
|---|---|---|---|
| HDMB1.2.2. Coñece e explica as principais características dos estilos, os xéneros ou as escolas, e detecta as diferenzas entre varias obras. | Sempre. | Coñece as características dos diferentes períodos históricos | Comentarios de audicións |
| HDMB1.2.3. Contextualiza a obra no seu momento histórico e/ou estilístico. | Sempre. | Coñece o período das diferentes audicións. | Exame de avaliación. |
| HDMB1.3.1. Comprende e explica a complexidade do fenómeno artístico, e extrae conclusións propias con base nos coñecementos adquiridos na materia. | Sempre. | Relaciona as diferentes informacións dos períodos históricos. | Tarefa de clase e traballos de ivestigación |
| HDMB1.3.2. Entende e explica a función das obras e a influencia na sociedade e noutras disciplinas artísticas no momento da súa creación. | 2 veces por avaliación. | Relaciona as diferentes informacións dos períodos históricos. | Comentario de audicións |
| HDMB1.3.3. Comprende e describe o proceso creativo de músicos/as e coreógrafos/as. | 1 vez por avaliación. | Comprende os mecanismos á hora da composición. | Tarefa de clase e exposición. |
| HMDB1.4.1. Describe as formulacións plasmadas polo/pola autor/a do texto, en relación coas correntes estéticas e estilísticas dunha época concreta. | 1 vez por avaliación | Relaciona e contextualiza as diferentes correntes estéticas. | Tarefa de clase e exposición. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| HMDB1.4.2. Elabora una análise de texto de xeito ordenado e metódico, sintetizando as ideas, distinguindo a información principal da secundaria e usando un vocabulario técnico acorde. | 2 veces por avaliación. | Analiza correctamente textos históricos. | Comentarios de textos |
| HMDB1.5.1. Comprende e explica o papel da música e da danza, e o xeito en que se relaciona con outras artes, para configurar xunto a elas unha obra artística total. | Sempre. | Relaciona as diferentes informacións dos períodos históricos. | Tarefas de clase |

| | | | |
|---|---|---|---|
| HMDB1.5.2. Explica a utilización que se fixo da música nunha situación concreta. | Sempre. | Relaciona datos históricos con datos musicais | Traballos de investigación |
| HMDB1.5.3. Selecciona pezas musicais para sonorizar ou ambientar situacións artísticas concretas. | 1 vez por avaliación. | Relaciona correctamente as audicións coa ambientación musical. | Traballo de clase. |
| HMDB1.6.1. Transmite certeza e seguridade na comunicación das ideas, e dominio do tema de investigación. | 1 vez por avaliación. | Relaciona datos históricos con datos musicais | Exposición oral do tema. |
| HMDB1.6.2. Selecciona correctamente temas obxecto de investigación, establecendo prioridades e superando con creatividade os obstáculos que vaian xurdindo. | 2 veces por avaliación. | Coñece correctamente os temas a tratar en cada momento. | Tarefas de clase |
| HMDB1.6.3. Asume con responsabilidade o seu papel no traballo en grupo, tomando as decisións pertinentes. | 1 vez por avaliación. | Traballa correctamente en grupo. | Traballo de grupo. |
| HMDB1.6.4. Expón as súas reflexións sobre o proceso de investigación e elabora conclusións sobre o procedemento establecido, a repartición do traballo, as conclusións obtidas e unha posible continuación da investigación, facendo explícitas as súas impresións persoais sobre a experiencia. | 1 ou 2 veces por avaliación. | Relaciona e comprende o aprendido cun discurso correcto das informacións. | Traballo de clase. |
| HMDB1.6.5. Expón de xeito preciso e ordenado os resultados do seu traballo de investigación, e cita as fontes consultadas. | 1 ou 2 veces por avaliación. | Relaciona datos históricos con datos musicais | Traballo de clase. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| HMDB1.6.6. Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación, así como distintos medios e soportes técnicos. | 1 ou 2 veces por avaliación. | Manexa a tecnoloxía e os programas informáticos na música | Traballo de clase. |

| | | | |
|---|---|---|---|
|  HMDB2.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas. | 1 vez por avaliación | Coñece as características musicais e históricas propias do período. | Comentarios de audicións |
|  HMDB2.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste períodos | 1 vez por avaliación. | Relaciona e contextualiza as audicións obrigatorias musicais dun xeito pormenorizado. | Comentarios de audicións |
|  HMDB2.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autora determinada, establecendo xuízos críticos. | 2 veces por avaliación. | Relaciona as características propias de cada período musical. | Tarefas de clase |
|  HMDB3.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas. | 1 vez por avaliación. | Coñece as características musicais e históricas propias do período. | Comentario de audición |
|  HMDB3.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período. | 1 vez por avaliación. | Relaciona e contextualiza as audicións obrigatorias musicais dun xeito pormenorizado. | Audición e interpretación |
|  HMDB3.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos. | 2 veces por avaliación. | Relaciona as características propias de cada período musical. | Comentario de texto |

| | | | |
|---|---|---|---|
|  HMDB4.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas. | 1 vez por avaliación | Coñece as características musicais e históricas propias do período. | Comentario de audición |
|  HMDB4.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste periodo | 1 vez por avaliación | Relaciona e contextualiza as audicións obrigatorias musicais dun xeito pormenorizado | Tarefa de clase e exames de avaliación. |

| | | | |
|---|---|---|---|
|  HMDB4.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e estable xuízos críticos. | 2 veces por avaliación | Relaciona as características propias de cada período musical. | Tarefa de clase e exames de avaliación. |
|  HMDB5.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas. | 1 vez por avaliación | Coñece as características musicais e históricas propias do período. | Tarefa de clase e exames de avaliación. |
|  HMDB5.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período. | 1 vez por avaliación | Relaciona e contextualiza as audicións obrigatorias musicais dun xeito pormenorizado. | Audición e interpretación de obras propostas |
|  HMDB5.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos | 2 veces por avaliación | Relaciona as características propias de cada período musical. | Comentario de audicións |

| | | | |
|---|---|---|---|
| HMDB6.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas. | 1 vez por avaliación | Coñece as características musicais e históricas propias do período. | Traballo de investigación |
| HMDB6.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período. | 1 vez por avaliación | Relaciona e contextualiza as audicións obrigatorias musicais dun xeito pormenorizado. | Tarefa de clase |
| HMDB6.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos. | 2 veces por avaliación | Relaciona as características propias de cada período musical. | Tarefa de clase |
| HMDB7.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas | 1 vez por avaliación | Coñece as características musicais e históricas propias do período | Comentarios de audicións |
| HMDB7.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período. | 1 vez por avaliación | Relaciona e contextualiza as audicións obrigatorias musicais dun xeito pormenorizado. | Comentario de audicións |
| HMDB7.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos. | 2 veces por avaliación | Relaciona as características propias de cada período musical. | Comentario de audicións |

| | | | |
|---|---|---|---|
|  HMDB8.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas. | 1 vez por avaliación | Coñece as características musicais e históricas propias do período. | Audición e interpretación de obras propostas |
|  HMDB8.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período. | 1 vez por avaliación | Relaciona e contextualiza as audicións obrigatorias musicais dun xeito pormenorizado. | Audición e Interpretación de obras propostas |
|  HMDB8.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos. | 2 veces por avaliación | Relaciona as características propias de cada período musical. | Tarefa de clase |
|  HMDB.9.1.1. Coñece e describe as principais características da música e da danza tradicional, distinguindo estilos de canto, melodías, escalas, texturas e ritmos. | 1 vez por avaliación | Coñece as características musicais e históricas propias do período. | Comentarios de audicións |

**5º.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA**

“MÚSICA 2º ESO”, “MÚSICA 3º ESO”, “MÚSICA 4º ESO”

Nos principios nos que se basea a docencia desta materia son os seguintes:

a. a actividade: as cousas aprenderánse, en moitos casos, facéndose directamente, e non necesariamente a partires da teoría.

b. a unidade de teoría e práctica: sempre haberá un exemplo práctico para cada aspecto teórico, e sempre se extraerá unha regra ou máxima que resuma de xeito teórico o aprehendido na aula;

c. a atención personalizada: na medida das posibilidades teránse en conta as necesidades de cada alumno e alumna

d. a creatividade: que será potenciada mediante actividades de libre invención por parte dos alumnos, como por exemplo o deseño de escenas cinematográficas para fragmentos de bandas sonoras propostos polo profesora

e. a interdisciplinaridade: na medida das posibilidades se venllerán os contidos desta asignatura con outras materias próximas, como lingua castelá e literatura ou debuxo.

Métodos didácticos

Principalmente seguiremos dous:

a. método de proxectos: plantexando situación conflictivas que deben solucionar empregando a imaxinación e conceptos xa coñecidos;

b. método de aprendizaxe por descubrimento.

Modelo de aprendizaxe

Procuraremos unha aprendixe significativa, desde o punto de vista constructivista da intervención pedagóxica. A partires dos coñecementos previos do alumnado desenvólvense contidos de forma estructurada e coherente, de xeito que a posibilidade de construir novas aprendizaxes dependa do xa aprehendido, tendo en conta que cada nova aprendizaxe aumenta a súa capacidade de aprender. Para isto debemos:

a. propiciar situacións que sexan motivadoras

b. crear contextos de aprendizaxe que lles obriguen a ter presentes os contidos xa aprehendidos

c. garantir a construcción de aprendizaxes significativas e en espiral

d. promover na aula un ambiente de intercambio

En Bacharelato incidiremos especialmente en que o alumno consiga unha autonomía cada vez maior.

"LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL 1º BACHARELATO"

Ningunha, xa que seguimos a mesma metodoloxía que en "Música 2º ESO" e "Música 4º ESO". Remito ó apartado correspondente. E como xa manifestamos anteriormente, o que intentaremos conseguir en bacharelato é que teñan unha maior autonomía e responsabilidade.

"HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA 2º BACHARELATO"

Ningunha, xa que seguimos a mesma metodoloxía que no resto das materias de música. E como xa manifestamos anteriormente, o que intentaremos conseguir en bacharelato é que teñan unha maior autonomía e responsabilidade.

**6º.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR**

Para levar a cabo as nosas actividades precisaremos do seguinte material:

a. material preparado polo departamento; NON UTILIZAMOS LIBRO DE TEXTO

b. ordenador, pantalla, equipo musical

c. cámara de vídeo

d. material bibliográfico: manuais de música, de historia da música, de música pop, enciclopedias, libros da biblioteca do centro

e. material instrumental: láminas (carrillóns soprano e contralto; xilófonos contralto, tenor e baixo; metalófonos contralto, tenor e baixo), piano, guitarra, pequena percusión (caixa china, caixón flamenco, pandeireta, pandeiro, tambor, castañuelas, crótalos, chaves, triángulo, maracas), frautas e batería (timbaleta, bombo, platillos, cortinillas, escobilla, redobrante...);

f. material discográfico: CDs de música clásica, CDs de música popular urbana, CDs de bailes de salón e outras danzas, CDs de músicas do mundo;

g. material audiovisual: DVDs de ópera, ballet, zarzuela, concertos, música de cámara, etc;

h. cadeiras plegables de paleta;

i. pizarra pautada cun pentagrama.

**7º.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO**

A promoción do alumnado dependerá do que estipule a xunta avaliadora, seguindo as modificacións que a LOMCE fai á LOE.

Son os mesmos que os expostos anteriormente, QUE SON:

7.1.- "MÚSICA 2º ESO"

A nota deste curso ten dúas partes: unha teórica (40 %) e outra práctica (40 %). O traballo de aula e as tarefas para casa supoñen o 20% restante. Na teoría haberá exames e o caderno do libro. Na práctica haberá instrumentación (frauta), e traballos relacionados cos contidos. Deberán obter cando menos un 4 na teoría, e un 5 na práctica, pero compensndo a media e chegando a un 5.

Ao alumando con adaptacións curriculares ou con dificultades de aprendizaxe, faráselle un tipo de probas adaptado ó seu nivel e circunstancias, para garantir que as súas necesidades estean sendo atendidas.

7.2.- "MÚSICA 3º ESO"

A nota deste curso ten dúas partes: unha teórica (40 %) e outra práctica (40 %). O traballo de aula e as tarefas para casa supoñen o 20% restante. Na teoría haberá exames e o caderno do libro. Na práctica haberá instrumentación (frauta), e traballos relacionados cos contidos. Deberán obter cando menos un 4 na teoría, e un 5 na práctica, pero compensndo a media e chegando a un 5.

Ao alumando con adaptacións curriculares ou con dificultades de aprendizaxe, faráselle un tipo de probas adaptado ó seu nivel e circunstancias, para garantir que as súas necesidades estean sendo atendidas.

7.3.- MÚSICA 4º ESO

1- Caderno de clase, onde se reflicten as actividades realizadas de cada unidade proporcionadas polo Departamento (20%)
2- Práctica instrumental (40%) coa instrumentación Orff da aula
3- Traballos encomendados (40%)

Á hora de redondear, todo alumno que alcance unha nota media con decimais a partir de ...'75 redondeará cara arriba.

7.4.- LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL 1º BACHARELATO

- 30 % da nota atribuíbel ao traballo que se faga na aula
- 30% da nota, atribuíbel as tarefas encomendadas (traballos de investigación, comentario de audicións, coreografías grupais, interpretación de obras propostas, exposición dos traballos de investigación)
- 20% da nota atribuíbel a práctica musical na clase
- 20% participación no plan lector

7.5- HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA 2º BACHARELATO

- 40 % da nota atribuíbel ao traballo que se faga na aula
- 40% da nota, atribuíbel as tarefas encomendadas (traballos de investigación, comentario de audicións, comentario de textos, análise e crítica de cancións)
- 20% da nota atribuíbel a práctica musical na clase

*Considerarase que un alumno abandona a sinatura cando non fai ningunha das tarefas propostas na clase e non fai as probas de avaliación (negarse a facer a práctica musical, e deixar os exames en branco).*

Como criterio do Departamento, establecemos que con dous avaliacións aprobadas, o alumnado poderá superar a materia ao finalizar o curso

**8º.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE**

Para podermos avaliar o proceso de ensino e práctica docente deberemos pór no punto de mira non so o que fan os alumnos, senón sobre todo o que facemos nós para garantir que sexa un proceso fructífero.

Indicadores de logro en "´MÚSICA 2º ESO", "MÚSICA 3º ESO", "MÚSICA 4º ESO", "LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL 1º BACHARELATO" E "HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA 2º BACHARELATO"

- O alumnado comprende as instrucións e explicacións dadas en clase.
- O alumnado síntese cómodo para interactuar e intervir na clase.
- O alumnado está motivado para participar das actividades voluntarias.
- O alumnado é libre de facer valoracións críticas do sistema de ensino-aprendizaxe.
- O alumnado segue sen dificultade as nosas indicacións.
- O profesorado respecta e cumpre os acordos os que chega co alumnado.
- O profesorado atende as necesidades afectivas derivadas da situación persoal do alumnado.
- O profesorado non abusa do poder que ten na aula.
- O profesorado escoita as peticións do alumnado e fai o posible por que se manteña un diálogo fluido e san.
- O profesorado é quen de levar a cabo as súas propostas e actividades nunha aula onde se respecta o seu traballo.

## 9º.- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Este ano académico 2021-2022, non hai ningunha alumna ni alumno que teña a materia pendente.

No Departamento, dispoñemos de actividades para entregar ao alumnado que non supere a materia ao finalizar o curso. Son actividades relacionadas cos contidos tratados que permitirán ao alumnado acadar os obxectivos da materia de maneira progresiva e doada, xa que se trátase de actividades trimestrais que entregarán nos prazos establecidos e non terán á obriga de realizar unha proba.

## 10º.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Alumnado estranxeiro.

Para o alumnado estranxeiro hai varias posibilidades: pódeselles pedir un pouco menos que ós demais no que a aspectos teóricos se refire e un pouco máis no que atinxe á práctica.

Segundo o caso se adaptará o currículo ás súas posibilidades, sempre nun contexto de integración e tolerancia.

Haberá que ter coidado das dificultades lingüísticas e culturais.

Superdotación intelectual.

Para o alumnado superdotado farase unha serie de actividades complementarias que satisfagan as súas necesidades, sempre con máxima discreción e de xeito que os compañeiros non perciban diferencias, tendo en conta o mal que o pasan estes rapaces.

Alumnado con necesidades educativas especiais.

Para rapaces que teñan algún tipo de déficit (visual, auditivo, motórico, de coordinación ou do tipo que sexa) faranse adaptacións das actividades, simplificándoas, esquivando as súas eivas na medida do posible, etc.

Coma dixemos antes, sempre desde a máxima confidencialidade e o respecto.

## 11º.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Prevese a asistencia ao Auditorio da Casa da Cultura. O Concello de Vimianzo invita ao alumnado do centro a asistir na xornada lectiva ás representación teatrais programadas no auditorio.

Festival de Nada.

Festival de Entroido.

Festival de fin de curso.

Asistencia (se fose posible) aos concertos didácticos do Auditorio de Santiago e ao Palacio da Óper de A Coruña.

## 12º.- PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES

Dado o seu carácter eminentemente práctico, a materia de "Música" resulta especialmente útil para traballar todos os centros de interese relativos á educación en valores e ós temas transversais: a igualdade entre os dous sexos, a cooperación, a educación para a paz, os valores democráticos, o traballo en equipo, o coidado do medio ambente, o respecto pola diferencia, etc son temas que se traballan moi directamente nas clases de baile, nas exposicións que fan en clase, nas clases de práctica instrumental, na preparación do concerto de fin de curso ou mesmo na elaboración de coreografías e actuacións para festivais.

Por concretar un pouco máis, estes serán algúns centros de interese:

Educación moral e cívica. A través de diferentes actividades, os/as alumnos/as teñen a oportunidade de reflexionar sobre os seguintes contidos:

- Relacións cos iguais e cos maiores.
- Respecto as persoas coas que se convive.
- Respecto á propiedade allea.
- Respecto e tolerancia cara ós outros.
- Comportamento antisocial.

Educación para a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. Faranse actividades que permitan aos alumnos e alumnas ver como é posible relacionarse a tódolos niveis tanto no mundo escolar , como no laboral ou no tempo de lecer, de xeito igualitario, realizando todo tipo de tarefas e superando os estereotipos e prexuízos sociais aínda existentes.

Educación para a paz. Realizaranse actividades que fagan fincapé nos seguintes contidos:

- Rexeitamento do uso da violencia para resolver conflitos.
- Relacións entre persoas de diferentes culturas.
- Convivencia entre persoas de distintas razas e crenzas.
- Respecto a formas diferentes de vida.

Educación ambiental. Levaranse a cabo actividades que tratarán de facer conscientes ós alumnos do medio ambiente que os rodea e da necesidade de protexelo a nivel nacional e internacional. Farase fincapé nos temas seguintes:

- A contaminación ambiental.
- O emprego de transportes públicos.
- O clima.
- O medio no que vivimos.

Educación para a saúde. Farase unha reflexión sobre os hábitos de vida e a alimentación saudable e equilibrada. Comentarase a importancia de practicar deporte dentro e fóra do Instituto. Farase fincapé nos perigos do tabaquismo, bebidas alcohólicas e outras drogas.

Educación sexual. Tratarase de empregar material que amose a personaxes de ambos sexos relacionándose en moitos contextos diferentes, expresando as súas emocións e compartindo as súas ideas e opinións de maneira natural e desinhibida.

Educación do consumidor. Faranse actividades que conduzan a unha reflexión sobre o hábito do consumo e a necesidade de facelo de xeito sensato, mercando soamente aquelo que sexa necesario.

Educación vial. Levaranse a cabo actividades que traten os seguintes contidos:

- Problemas causados polo mal uso dos medios de transporte.
- Normas de seguridade no transporte público.
- Seguimento de itinerarios/instruccións.
- Localización de puntos nun plano ou mapa.

A continuación ofrecemos unha listaxe dalgunhas datas idóneas para motivar a reflexión e o traballo sobre os temas transversais tanto por medio de actividades normais de aula como por medio de actividades extraordinarias.

| | |
|---|---|
| 16 de outubro: | Día mundial da alimentación |
| 17 de outubro: | Día mundial da erradicación da pobreza |
| 20 de novembro: | Día dos dereitos do neno e da nena |
| 1 de decembro: | Día mundial da SIDA |
| 3 de decembro: | Día internacional de persoas con minusvalías |
| 6 de decembro: | Día da Constitución española |
| 10 de decembro: | Día dos dereitos humanos |
| 30 de xaneiro: | Día escolar da non-violencia e da paz |
| 8 de marzo: | Día internacional da muller |
| 15 de marzo: | Día internacional do consumidor |
| 21 de marzo: | Día internacional contra a discriminación racial |
| 22 de marzo: | Día mundial da auga |
| 7 de abril: | Día mundial da saúde |
| 9 de maio: | Día de Europa |
| 31 de maio: | Día mundial sen tabaco |
| 5 de xuño: | Día mundial do medio ambiente |

**13º.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR**

**Tempo diario o semanal que dedicamos á lectura na aula**

- Entre 10 e 20 minutos por sesión, dependendo siempre das actividades e explicacións que necesiten os contidos do currículo.

**Actividades e fomento da Lectura**

- Comentamos e analizamos o material aportado ao alumnado onde están contemplados os Contidos dos cursos
- Lectura en voz alta e lectura compresiva do material utilizado na clase.
- Lectura de noticias musicais na prensa e internet.
- Utilización da Biblioteca do Centro para buscar información relacionada cos temas plantexados na clase e para arealización dos traballos de investigación encomendados.
- Non haberá lecturas obrigadas, agás en 1º de Bacharelato, onde se adicará unha sesión semanal á lectura en conxunto dun libro con temática e contido musical. Prevese ler entre tres e catro libros por avaliación, onde o alumnado extraerá información, debatirá, investigará e valorará o formato libro como unha fonte enriquecedora de cultura.
- Recomendacións de bibliografía específica sobre temas que interesen e plateen os/as alumnos/as.
- Analizar e comparar distintas cancións de moda. Tamén canciones propostas polo alumnado e profesorado. Trataremos de traballar con aquelas que teñen como premisa, a calidade poética e literaria.
- Analizar o machismo e o sexismo nas letras de moitísimas das cancións de moda. Valorando o feito de cantar cancións que denigran á muller sen facer unha lectura comprensiva das letras das cancións.
- Divulgación dende o Departamento de Música da Biblioteca do Centro como un espazo de lecer á vez que de traballo, ademais dun lugar onde atopar material audiovisual de interese para o alumnado.

**Lecturas Recomendadas**

***Para 4º E.S.O.***

"Deseo Carnal. Alaska y Dinarama, mil campanas"
Editorial EFE EME

***Para 1º Bacharelato***

"50 Palos y sigo soñando"
Pau Donés
Editorial Planeta

***Para 2º Bacharelato***

"Jorge Martínez, conversaciones ilegales"
Autor: Carlos H. Vázquez
Editorial EFE EME

## 14º.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

Os alumnos das materias deste departamento están afeitos a consultar páxinas web durante as clases, así como blogs, arquivos MIDI, vídeos, audicións, arquivos de formato MP3, etc.

Todo isto, debidamente coordinado e organizado co traballo que fan na casa, ponos en contacto coas novas tecnoloxías, seguindo sempre o obxectivo de que saiban utilizar responsablemente os recursos ó seu alcance.

As TIC son unha ferramenta extraordinariamente rendible se somos quen de acostumar ó alumnado a facer un uso responsable e crítico das mesmas: moitas das actividades están extraídas da rede, que consultan rutinariamente na procura de recursos, actividades, textos, etc.

Ademais de servirnos das habilidades do alumnado matriculado nas materias optativas das TIC (co que fomentamos a coaprendizaxe) buscamos crear espazos onde se poidan compartir as experiencias TIC relacionadas coa aprendizaxe do Inglés: novas aplicacións, recursos, etc.

Os alumnos poderán servirse destas ferramentas para presentacións orais co apoio de powerpoint ou outras ferramentas similares útiles para estas ou outro tipo de actividades de aula.

## 15º.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Ao final de cada trimestre avaliaremos os resultados e decidiremos as vías de actuación máis convenientes. Se fose necesario, tratariamos de modificar a programación durante o curso

## 16º.- TRANSICIÓN AOS POSIBLES ESCENARIOS EN FUNCIÓN DA SITUACIÓN SANITARIA: ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E/OU NON PRESENCIAL.

Segundo o Protocolo de Adaptación ao Contexto da COVID-19 a fonte de enlace nun ensino non presencial ou semiprencial será a Aula Virtual do Centro.

A Aula Virtual será a ferramenta que utilizaremos para compartir co noso alumnado enlaces, arquivos, vídeos ou audios explicativos, tamén para que accedan ás tarefas que deben realizar ou, en particular no caso dun confinamento, a probas que terán un peso relevante na súa cualificación.

Ademais, en caso de que un confinamento nos privase dunha actividade lectiva presencial, procuraríamos ter clases virtuais utilizando a ferramenta que a Consellería de Educación pon á nosa disposición para realizar videoconferencias, Webex, ou outra similar.

María Jesús Domínguez Daponte
En Vimianzo a 27 de setembro de 2021